



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 06/06/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, TERESA

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:02 horas, do día 06/06/2024, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcadesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcadesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FISTERRA PARA 2024.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2024.

4º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI”.

- MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN PARA O IMPULSO DAS OBRAS DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE AG-55 E A ELIMINACIÓN DAS PEAXES”.

- MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO PSdeg-PSOE JOSÉ MARCOTE SUÁREZ “MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

6º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).

C) ROGOS E PREGUNTAS

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 19/05/2024, distribuída coa convocatoria.

Intervén a Sra. Teresa Fernández, quen manifesta:

“O único que no cadro dos sorteos supoño que haberá cancelacións”

Sra. Alcaldesa:

“Hai alegacións posteriores ao sorteo”

A Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación do 19/05/2024, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FISTERRA PARA 2024.

Redactado o proxecto de Orzamento municipal formulado para o exercicio de 2024, acomodado na súa estrutura á normativa da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, e adaptado no seu desenvolvemento ás prescricións do TRLRHL 2/2004, de 5 de marzo e do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expoñendo as liñas xerais do documento, sométese o mesmo ó exame da Corporación.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Respecto ao proxecto de orzamento presentado ao Pleno en data 04/04/2024 presenta os seguintes axustes, recollidos no Anexo de Investimentos, entre aplicacións orzamentarias do Capítulo VI, sen que elo supoña descenso ou incremento do importe do orzamento nin alteracións entre os distintos capítulos de gasto:

Aplicación Orzamentaria	Antes	Agora
161.61900	25.000,00	5.000,00
342.61900	27.000,00	1.000,00
453.60900	24.000,00	70.000,00
TOTAL	76.000,00	76.000,00

Visto que na tramitación do Proxecto se cumpren os requisitos establecidos nas disposicións vixentes e que o mesmo contén os documentos esixidos, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2024, o importe do cal queda fixado, en canto ao orzamento de gastos na cifra de 3.900.000,00 € (tres millóns novecentos mil euros) e en canto ao orzamento de ingresos na cifra de 3.900.000,00 € (tres millóns novecentos mil euros), polo que este non presenta déficit inicial, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ORZAMENTO DE INGRESOS 2024			ORZAMENTO DE GASTOS 2024		
CAP	DENOMINACIÓN	IMPORTE	CAP	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	902.190,00	1	GASTOS DE PERSOAL	1.453.200,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00	2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.702.200,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	841.690,00	3	GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.910.920,00	4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	129.300,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	88.000,00	6	INVESTIMENTOS REAIS	607.300,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	107.200,00	7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	8	ACTIVOS FINANCEIROS	6.000,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	TOTAIS	3.900.000,00		TOTAIS	3.900.000,00



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2024 determinado na contía de 3.892.000,00 euros, de acordo co prescrito na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

3º.- Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.

4º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Fisterra, así como o Anexo de Persoal para 2024 que se contén na documentación do Orzamento, dando ao mesmo a tramitación establecida nas disposicións vixentes.

5º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións, conforme ao disposto nos artigos 169.1 do TRLRHL 2/2004, de 5 de marzo, e 20.1 do RD 500/90, de 20 de abril, considerando definitivamente aprobado o mesmo de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, segundo dispoñen os artigos 169.3 TRLRHL 2/2004 e 20.3 do RD 500/90.

INTERVENCÍONS

Sr. Luis Insua:

-"Hoxe, neste contexto cuns orzamentos que son os mesmos que na sesión plenaria anterior paréceme unha absoluta irresponsabilidade e unha tomadura de pelo tanto ao Pleno da Corporación como á veciñanza. Pretende vostede que nós hoxe veñamos aquí e levantemos a man. Non sei, hai algunha chamada ao noso grupo para pretender sacar algo adiante?."

Sr.Alcaldesa:

-"Desde o 4 de abril que os tedes á vosa disposición por se había algunha dúbida."

Sr. Luis Insua:

-"A nosa manifestación a través de todos os medios non puido ser máis directa. Queremos negocialos se quere algo de nós, senón aquí non vai ter ningún tipo de apoio porque son uns presupostos que única e exclusivamente como vostede dixo na Comisión de Asuntos Xerais o 30 de marzo deste ano que eran redactados por vostede e polo seu asesor, nin sequera o seu grupo de goberno sabía nada. Deixe de ridiculizar máis o Concello e por favor espabile que para poñer 3 farolas e 3 luces, non fai falta unha Alcaldesa".

A continuación intervén o Sr. José Marcote:

-"No seu día, o noso grupo e o de Alternativa dos Veciños asinamos un pacto de lexislatura como algo necesario para a súa adicación, o pacto asinado tiña entre outras cousas o consenso para os plans provinciais de obras e servizos e tamén acordar un consenso para a aprobación e o apoio pola nosa parte dos presupostos que se fixeran anualmente pero para acadar o consenso é necesaria unha negociación previa, que foi imposible dado o comportamento hostil do grupo Alternativa dos Veciños coa nosa formación, entendemos que de forma totalmente innecesaria, eso fixo que non puideramos ter unhas conversas como deberamos ter tido para chegar a un acordo e se fora necesario aportar algo da nosa formación, cousa que resultou un tanto inviable, e o



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

que si pasou é que ese pacto que temos hoxe en día non ten moito sentido, por todo elo nós non podemos apoiar unhas contas nas cales non participamos e queríamos haber participado. Non nos queda outro remedio que adoptar unha posición de abstención responsable porque tampouco entendemos que a nosa postura vai ser impedir o normal funcionamento do Concello, por imos a abstermos.

Sra. Teresa Fernández:

-“Os orzamentos son unha ferramenta indispensable para que un goberno traballe con normalidade pero tamén pensamos e cremos que cando hai un goberno en minoría, o máis correcto sería acadar os apoios necesarios para a súa aprobación. Así o manifestamos na Xunta Informativa Permanente, e aínda así e despois de recoñecer o erro do equipo de Goberno fixemos un gran esforzo para chegar a un acordo mediante un documento público selado por ambas partes onde se recollen unha serie de obras e servizos necesarios e importantes para Fisterra. Este é o 2º Pleno no que se presenta o Documento e na Xunta Informativa Permanente anterior a este Pleno preguntei se había algunha modificación e se tiñan os apoios necesarios para a aprobación do mesmo e polas últimas informacións parece ser que só vai contar co noso apoio e que coincide co que vostede me confirmou nesa Xunta polo que non entendemos moi ben o porqué de volver a presentalos.

Despois de ver o novo documento, as variacións e modificacións son mínimas pero terán que darnos algunhas explicacións, por exemplo: **1º.-** A partida de ética animal non aparecía e agora si.

2º.- O apartado 342/661900: instalación deportivas: no 1º documento era de 1.000 € e no 2º de 27.000 €.

Intervén o Sr. Francisco Martínez: non, é ao contrario no 1º é de 27.000 e no 2º é de 1.000€.

Continúa a Sra Teresa Fernández:

-“Hai unha diferenza bastante importante que, en todo caso, se nos poden explicar o porqué dese cambio. Os presupostos son os que son, na maioría son un corta e pega dos anteriores de cando gobernábamos nós, e tanto é así que ata se reflicte no apartado de subvencións o do FESTIVAL BLUES.

3º.- Imos votar a favor pero pediría que nas Xuntas Informativas nos aclaren algo máis ao respecto.

Agora ben se nos poden dar as explicacións oportunas sobre eses cambios, xa digo para iso están as Xuntas Informativas Permanentes. Se non non ten moito sentido facelas porque duran 5 minutos e supoñen un gasto ao Concello”

Intervén a Sra. Alcaldesa:

-“Vós non tiñades esas Comisións informativas, nós facémolas para que obteñades a información coa antelación suficiente que marca a Lei, entón vós podeades formular calquera dúbida. Alí non chegamos e dicimos: - grazas por vir. Fanse precisamente para aclarar as dúbidas que teñades”

Sra. Teresa Fernández:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

“-Eu penso que o equipo de Goberno ten o deber de explicar e aclarar as decisións, eu xa preguntei se había algunha modificación. Non o aclarastes ben”.

Sra. Alcaldesa:

“-Porque non pedistes máis explicacións, nós puxemos esas comisións precisamente para eso, non nos obrigou ninguén. Imos ter máis econcontros con vós, coa oposición toda e desde que propuxemos os presupostos, levamos 2 comisións informativas, 2 Plenos con este, se con isto non chega, teremos que vernos máis. Eu estou disposta a vernos as veces que faga falta.

En canto á partida que ti dis, a aplicación orzamentaria, o que modificamos en total son 3 partidas: unha é a de saneamento (pasou de 25.000 € a 5.000 €), Instalacións Deportivas: (27.000 € a 1.000 €), Obras (24.000 € a 70.000 €). Foi unha recomendación que me fixo o Secretario Interventor para ter máis fondo para pagar as facturas. Así o recolleemos para facilitar máis o pago de obras, en realidade era para pagar as modificacións do pavillón. O importante é que o importe total é o mesmo”.

Sra. Teresa Fernández:

“-Se era de 27.000 e agora é de 1.000 €”

Sra. Alcaldesa:

“-Si, pero recóllense o total desas partidas agora están na partida de obras porque conviña así.”

Sr. Teresa Fernández:

“-Pasa dunha partida a outra”.

Sra. Alcaldesa:

“-Si, pero dentro de obras. Sacouse de específicas e púxose na global de obras porque así ía ser máis fácil a resolución dos pagos das obras. Isto foi unha recomendación do Secretario interventor á que non lle vin ningún problema. A partida do BLUES quedou aí e cando se elaboraron os presupostos non tiñamos moi claro se darlle moita importancia e cambiar o título pero sen máis”.

Sra. Teresa Fernández:

“-Seguides co apoio do BNG, como tiñamos prometido.”

A sra. Alcaldesa propón a votación con respecto á aprobación dos orzamentos:

VOTOS A FAVOR: 2 de Alternativa dos Veciños (Áurea Domínguez Sisto e Francisco Antonio Lestón Redonda); 1 BNG

VOTOS EN CONTRA: 5 PP; 1 de AV (Francisco Martínez Traba).

ABSTENCIÓNS: 2 PSOE.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Polo tanto, non se aproban os orzamentos. Seguen prorrogados os do exercicio anterior.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS 2/2024.

Comprobada a existencia dunha serie de prestacións realizadas por terceiros a favor do Concello no exercicio 2023, as cales tramitáronse no seu momento sen que se realizase a oportuna retención de crédito e recollidas na Conta 413 (Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento) cun importe que ascende á cantidade de **cento trinta e un mil douscentos setenta euros con trinta e oito céntimos** (131.270,38 €), tal e como se desprende da relación que se anexa a este expediente.

Visto o informe emitido polo Secretario-Interventor de data 16/05/2024, hai que solventar o reparo atendendo a que as prestacións foron realizadas, e co fin de evitar o menor prexuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

Considerando o Informe de Discrepancias asinado en data 16/05/2024 así como a conformidade dada pola Alcaldía ás facturas que se inclúen neste expediente, corroborando así a prestación das obras, servizos ou subministrados detallados nelas.

Comprobada a existencia de crédito no orzamento actual, xa sexa a nivel da aplicación orzamentaria ou de vinculación xurídica.

Tendo en conta que as prestacións obxecto do presente recoñecemento foron real e satisfactoriamente levadas a cabo, e analizado o detalle das obrigas obxecto de recoñecemento tendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Levantar de conformidade co establecido no artigo 217 do TRLRFL o reparo con efectos suspensivos formulado polo Secretario-Interventor Municipal.

2º) Aprobar o Recoñecemento Extrajudicial de Créditos 2/2024, formado polos créditos que se inclúen na Relación de Facturas incluída nesta proposta, por un importe total de **cento trinta e un mil douscentos setenta euros con trinta e oito céntimos (131.270,38 €)**.

3º) Aplicar, con cargo ao orzamento prorrogado ao exercicio 2024, os importes dos créditos con cargo as aplicacións orzamentarias indicadas na relación anterior.

4º) Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura dos mandamentos contables precisos para tal finalidade.

INTERVENCIÓNS:

Sra. Teresa Fernández:

-“Neste punto imos votar a favor, pero pediría que nas Xuntas Informativas nos aclararan máis ao respecto. Sabemos que son facturas sen pagar e ascenden á cantidade de 131.270 €, despois de revisalas pensamos que os provedores teñen que cobrar. Algunhas empresas que aparecen nas facturas son contratadas ilegalmente ou regularmente como o do técnico de urbanismo: o arquitecto, que teñen que dicir ao respecto?, por iso teñen reparos.?”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Si, por iso teñen reparos, pero ante calquera reparo que poña o interventor está a obriga de pagar. Vós tamén tiñades reparos, queres che explique onde están?”

Sra. Teresa Fernández:

-“Si.”

Sra. Alcaldesa:

-“É a típica modificación de crédito. Hai que pagar as facturas que entraron no ano anterior que son de decembro ou despois do Pleno que tivemos. Logo aparecen esas facturas que non se poden pagar salvo que o Pleno as aprobe porque corresponden a outro exercicio e así se fai, con respecto ás facturas do técnico respecto a se son legais ou ilegais: a factura é legal de todo. O traballo foi efectivamente pagado e a factura é legal totalmente.”

Sra. Teresa Fernández:

-“Estou falando se os contratos son regulares ou ilegais”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu non son xurista neste sentido, para min é un contrato que adolece de unha irregularidade porque o procedemento non é o adecuado.

Estamos agora neso e imos regularizalo como outros que hai neste Concello e noutros moitos.

Hai que regularizar esas contratacións que se fan porque convén así nun momento dado e supoño que todos os alcaldes pasarían por isto. Nós consideramos que hai que regularizala porque se alongou moito no tempo. A factura non hai dúbida que é legal”.

Sr. Luís Insua:

-“Nós consideramos que a xente ten que cobrar. É un asunto económico, polo que imos a abstermos.”

Procédese á votación quedando como segue:

Votos a favor: 3 de Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG

Abstencións: 5 PP.

4º) MOCIÓN DE GRUPOS POLITICOS

MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO PLENO AO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORÍA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI.

DADA CONTA DO SEU CONTIDO:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1.A Xunta do PP e a empresa portuguesa ALTRI promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no Concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganos, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á produción.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimo impacto no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais e Palas: Agolada, Santiso, Melide ... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o verquido dun voluminoso caudal de auga sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial.

E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor de industria forestal galega.

3.A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. E un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado de produción e comercialización da pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o portavoz do BNG do Concello de Fisterra presenta a súa aprobación polo Pleno da Corporación esta Moción, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de ALTRI porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico a multifuncionalidade do monte, o desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Esixir ao goberno galego a aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica do Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación, así como o desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

INTERVENCIONS

Sr. Luís Insua:

-“Si, esta iniciativa foi aprobada no Parlamento Galego (a da instalación) hai 2 anos por unanimidade. (PSOE, PP e BNG) votaron a favor”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Non sería o proxecto que finalmente presentaron agora, por iso falamos dos enganos. Primeiro propoñen unha cousa e logo fan outra”

-Sr. Luís Insua:

-“Desde o PP apoiamos coma sempre as iniciativas que opten por Galicia para asentarse, ao tempo que cumpren co medio ambiente e xeran emprego e riqueza e fixan a poboación no rural. A postura da Xunta é coñecida , analizarase con vigor e transparencia o proxecto e se se cumpren os requisitos legais e ambientais contará co visto bo da administración



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

galega. Serán os técnicos os encargados de validar como sempre se se fai coas máximas garantías e co máximo rigor. E unha cousa que está tratada totalmente no Parlamento Galego, voutouse a favor desta iniciativa por todos os grupos antes das Eleccións Autonómicas o ano pasado”.

Sra. Teresa Fernández:

“Por eso en Portugal non a queren e tráena para aquí, se tan boa é xa podería quedar alí. Hai manifestacións por parte de Asociacións, a última con máis de 20.000 persoas, eso quere dicir algo. Se se aprobou hai 2 anos, a iniciativa proposta era outra cousa e agora non é tal”.

Sr. Francisco Lestón de Alternativa dos Veciños:

“-Si, nós acollemos a Moción do BNG”.

Sr. José Marcote:

“Hai presentado no Parlamento de Galicia unha proposición para aprobar un acordo sobre esta implantación desta industria en Palas de Rei, a esta proposición o noso grupo fixo unhas enmendas pedindo varias cousas o máis importante é que se nos aclare cal é o proxecto a día de hoxe porque parece ser que o proxecto que inicialmente se prevía xa non é así. Mentres non teñamos a información de cal é definitivamente o proxecto, nin os postos de traballo que se van crear nin outra serie de cuestións que se plantexaron nesa enmenda, nós ímosnos abster da Moción porque é tomar parte sen un coñecemento profundo exacto non me parece lóxico”.

Procédese á votación:

En contra da aprobación desta Moción: (5 PP)

Abstencións (2 PSOE)

A Favor (3 de Alternativa, 1 BNG)

MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN PARA O IMPULSO DAS OBRAS DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE AG-55 E A ELIMINACIÓN DAS PEAXES”.-

DADA CONTA DO SEU CONTIDO:

O 24 de xaneiro de 2003 aprobábase polo consello de Ministros celebrado na Coruña o famoso “Plan Galiza” tras a nefasta xestión da catástrofe do Prestige, e que consistía nun conxunto de medidas destinadas a paliar a curto prazo as consecuencias económicas e sociais do desastre medioambiental e, a medio e longo prazo, impulsar o desenvolvemento social e económico de Galiza. Para a costa da morte prometeron moito e fixeron pouco, a infraestrutura máis importante e que vertebraría a comarca, a autovía que conectaría coa AG-55, 21 anos despois segue sen estar rematada.

O proxecto foi concebido como unha autovía de alta capacidade que deberá chegar inicialmente a Berdoias, e con varios treitos de vías de altas prestacións que conectaría a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

autovía con Cee e outra co porto de Brens, para eliminar o tráfico de camións do casco urbano.

Estas actuacións, ademais de prometerense no plan Galiza, foron recollidas no plan MOVE, aprobado pola Xunta de Galiza no ano 2009, onde ademais prevían unha vía de altas prestacións entre Santiago de Compostela e a costa da morte. O que non recollía ese plan era a conexión do polígono de Vimianzo, xa inaugurado naquel momento, e que hoxe é fundamental para estimular o asentamento de empresas e a creación de emprego na capital de Soneira. Velá o cadro publicado no Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica (plan MOVE 2009-20215) aprobado pola Xunta:

PROGRAMA DE VÍAS DE ALTAS PRESTACIONS			
Descrición actuación	Lonxitude (km)	Investimento (€)	Horizonte
VAP Santiago - N-541			
- Treito: A Ramallosa • A Estrada	13,6	75.660.0013	2015
- Treito: A Estrada - Cardado t Forzare, (N•541)	20,0	112.000.000	2020
VAP de Costa Norte			
• Variante de Ortigueira e treito Celeiro-San Cibrao	17,9	97.940.000	2013
• Resto de Treitos Coruña	33,7	162.100.000	2015
• Resto de Treitos	33,6	160-220.000	2017
VAP Carbailo - Fisterra			
• Autovía Costa da Morte	42,0	208.224.679	2013
• Treito Berdoias - Cee	10,5	33.713.813	2015
• Treito: Cee •Sardiñeiro	4,8	11.914.174	2013
-Treito. Acceso ao porto de Brens en Cee	8,2	48.650.000	2015
VAP Transversal Arteixo- 3º Ronda	7,8	-	Eliminada da programación económica do Plan MOVE
VAP Brión-Noia			
- VAP Brión-Noia	17,5	56.659.025	2013
-Desdoblamento da VAP Brión-Noia	17,5	22.685.000	2015
VAP Santiago • Costa de Morte	40,00	65.000.009	2020

Despois de tantas promesas, incumprimentos e excusas, a realidade é que a autovía ata Berdoias está sen rematar, e todo isto despois de que modificaran o contrato de obras coa empresa adxudicataria, na que lle perdoaron a execución dos últimos 15,5 kms a cambio dunha pequena rebaixa do orzamento da licitación e da executala cun modelo contractual de colaboración público-privada, mediante unha concesión que finaliza no ano 2038. No ano 2020 a Xunta de Galiza incluíu nos orzamentos 1 millón de euros para rematar este tramo, no 2021 incorporaron 6 millóns de euros, no 2022 foron 3,43 millóns, no 2023 incorporaron 3,5 millóns de para este ano 2024 finalmente orzamentaron 2 millóns de euros. Mais o goberno galego leva dende o ano 2016, e xan van 9 anos, sen executar e licitar un só euro desas cifras para reiniciar as obras na autovía AG-55 da Costa da Morte. En total, case 16 millóns de euros nos últimos 5 anos que non se executaron e que a Xunta aforrou á conta de non realizar os investimentos en infraestruturas na Costa da Morte.

As declaracións de varios cargos da Consellería, indican que o tramo de 15,5 kms que hai ata Berdoias, pretenden executalo en varias fases, ademais de rebaixar as expectativas, convertindo o que deba ser unha vía de alta capacidade nunha simple vía rápida dun só



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

carril por sentido, como xa fixeron co tramo final das obras executadas de 2,2 kms ata a rotonda de Santa Irene, un auténtico despropósito e un novo agravio á nosa comarca. Para máis ofensa, hai 15 días, a Conselleira de Infraestruturas e Delegada da Xunta da Coruña aseguraban á par, que “nestes momentos o proxecto está redactado e sometido á información pública polo que seguimos avanzando nos trámites necesarios para a súa execución. Cunha lonxitude de 5,5 kms ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo a Camariñas. Para a súa execución temos consignado este ano un orzamento de 2 millóns de euros e outros 40 millóns ata o remate da lexislatura, mais no DOG non hai máis novidades que as últimas da publicación da Declaración de Impacto ambiental nos anos 2005-2009, esta última para o tramo de Berdoias a Cee e na plataforma de contratos públicos de Galiza, a publicación en data 11 de maio de 2011 da adxudicación do contrato de concesión de obra pública ao consorcio “Autovía Costa da Morte”.

Ante esta situación de parálise das obras e das intencións desveladas pola Consellería, é necesario que todos os Concellos da nosa bisbarra se posicionen de forma rotunda e clara e esixan o cumprimento íntegro de todos os proxectos de vías de altas prestacións, conforme se configuraron inicialmente no plan MOVE, e que os liciten e executen de forma inmediata sen cambios que reduzan as características dos proxectos redactados e discriminen á Costa da Morte.

Non obstante, tampouco podemos esquecer a necesidade de eliminar as peaxes na autovía AG-55 entre Carballo e Coruña, unha demanda histórica desta comarca, que debe materializarse sen máis demora, pois a concesión ten unha duración de 50 anos, e non rematará ata o ano 2045. Despois de moito tempo, os grupos políticos maioritarios de Galiza concordaron en pedir a gratuidade da autovía AP-9, polo que igualmente e en aras de non xerar máis discriminacións no resto dos territorios, debemos actuar de igual maneira, e solicitar que se fagan as xestións oportunas para rescatar a concesión da autovía Carballo-Coruña e lograr que sexa gratuíta.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, ACORDA:

- 1.-Instar á Xunta de Galiza a licitar xa o tramo Salto-Berdoias da Autovía AG55 e a executala conforme o proxecto inicial, con dous carrís para cada sentido e mediana central.
- 2.-Instar á Xunta de Galiza a incorporar no orzamento do ano 2025 a contía suficiente para licitar e executar as obras dos tramos Berdoias- Cee, Cee-Porto de Brens e a conexión da autovía AG-55 co polígono de Vimianzo.
- 3.-Instar á Xunta de Galiza a suprimir todas as peaxes da autovía AG- 55 para que esta sexa totalmente gratuíta en todos os seus tramos.

INTERVENCIONS

Sra Teresa Fernández:

“Quero agradecer aos portavoces dos grupos políticos que na Xunta Informativa Permanente votaran a urxencia desta Moción para que hoxe a puideramos levar a debate”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Estamos de acordo e imos aprobar a Moción porque entendemos que para Fisterra e toda a comarca é de interese, polo tanto imos apoiala.”

Sr. Francisco Lestón:

-“Nós tamén estamos a favor da Moción, cremos que hai unha falta de compromiso total por parte do Goberno do Partido Popular, e neste caso coa Costa da Morte. Moitos anos coas obras das autovías paradas esperando a que se iniciasen as obras e seguimos coa peaxe. Cremos que a Xunta de Galicia ten pouco respecto pola Costa da Morte, tennos olvidados e estamos a favor desta Moción”.

Sr. José Marcote:

-“É algo que se vén reivindicando desde hai moito tempo pero por unha vez máis que se pida que non sexa, e a próxima vez, a Moción que a traia o Partido Popular.”

Sr. Luís Insua:

-“Eu quería falar dunhas declaracións de data 8/03/2013 feitas por parte do Presidente do grupo que hoxe está gobernando (O Sr. Alcalde de Oleiros) quen manifestaba as súas críticas á Autovía da Costa da Morte.”

Outra con data 27/02/2013:” -La CECOM rebate al alcalde de Oleiros sobre sus críticas a la Autovía”.

Eu alégrome que o portavoz do grupo que hoxe goberna reivindique isto á Xunta e ao PP, e que lle manda recado”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Por alusións o recado para Rueda. O alcalde de Oleiros non ten capacidade de acabar a autovía. A capacidade de rematar a autovía é do Presidente de Galicia.”

Sr. Luís Insua:

-“Se non houbera xente que puxera trabas agradeceríase.”

Sra. Alcaldesa:

-“Non me diga que unhas declaracións supoñen trabas, se esas son trabas, entón non está nada preparado para a vida política”.

Sr. Luís Insua:

-“Preparada está vostede, que trae uns presupostos ao Pleno sen apoios. Esa é a súa preparación?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Si, esa é preparación da vida”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Non se pode vir (dous meses antes das eleccións sen enterarse de nada e vir aquí como salvadora “

Sra. Alcaldesa:

-“Teña un pouco de vergonza”.

Sr. Luís Insua:

-“Vergonza é a que ten que ter vostede e non facer o espectáculo que fixo hoxe cos orzamentos”.

A continuación procédese á votación quedando a Moción aprobada por unanimidade dos asistentes.

MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO PSDG-PSOE JOSÉ MARCOTE SUÁREZ “MOCIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO DA XUNTA DE GALICIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR”.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país.

Na dita lei establécese que as Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente lles atribúe, correspondéndolle ao Estado e ás Comunidades Autónomas establecer os pertinentes Convenios que establecerán o financiamento que corresponda a cada Administración, e que estes Convenios recollerán as achegas do Estado derivadas da garantía do nivel de protección.

Polo tanto, a competencia anunciadora do sistema é do Estado e da Xunta de Galicia e os Concellos son os que teñen a competencia na prestación do servizo.

Pero a realidade é ben distinta, vemos como Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas uns anos.

A Xunta manifesta reiteradamente que o SAF é o pilar fundamental sobre o que descansa o sistema de dependencia en Galicia.

A propia conselleira ten declarado, para xustificar a escasa dotación de prazas públicas en residencias, que a idiosincrasia galega propicia que a xente maior prefira permanecer nas súas casas.

A Xunta limítase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, increméntase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que se encarece ano tras ano, especialmente nos concellos máis rurais e máis avellentados, que casualmente son os que dispoñen de menos recursos económicos.

A maiores, a realidade é que nos últimos anos o incremento do IPC e a implantación das medidas de mellora das condicións laborais das persoas traballadoras do sector teñen provocado un aumento máis que considerable do custe da prestación deste servizo, sen que o Goberno Autonómico do PP teña feito achega algunha tendente a, dunha vez por todas cumprir coa súa obriga competencial de financiamento do servizo e a paliar estes elevados custes que están a soportar os concellos e que non lles corresponden.

Son os concellos os que teñen asumido ao longo de todo este tempo os incrementos do prezo/hora para poder garantir un servizo de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal do Servizo de Axuda no Fogar, incrementando o importe dos contratos nos orzamentos municipais, sen ningunha clase de achega adicional por parte da Xunta de Galicia.

Deste xeito, na actualidade atopámosnos con que moitos dos concellos non teñen capacidade económica para atender os altos prezos da hora de prestación do servizo.

A situación actual é que o custe dunha hora de Servizo de Axuda no Fogar supón a día de hoxe entre 22 e 24 euros, dos que a Xunta, contando coas achegas económicas que lle fai o Estado para este servizo achega 12 euros; mentres que os concellos e os usuarios achegan o resto (entre 10 e 12 euros) cos seus fondos propios.

Isto, sumado a que o SAF é un servizo cada vez máis demandado debido ao envellecemento da poboación, produce que os municipios teñan que asumir importantes cargas económicas, que se incrementan ano a ano e hipotecan o seu futuro económico. En moitos concellos, o SAF supón xa un de cada tres euros dos que dispoñen os concellos para gastos correntes. Esta situación vese agravada coa nova lexislación estatal que reduce a parte do copagamento que deben asumir os usuarios do servizo de Axuda no Fogar para que sexa asumida pola administración. Unha medida social coa que estamos de acordo, pero o que non podemos aceptar é que este incremento do gasto se volva a repercutir unha vez máis nos concellos. A Xunta é quen ten as competencias e é quen debe asumir ese incremento do gasto.

Se contraponemos as achegas da Xunta de Galicia coas do Goberno do Estado, obtemos os seguintes datos:

Galicia: a Xunta de Galicia reduce os fondos propios da partida destinada ao SAF no 2023 en 3 millóns de euros:

Ano 2022: 50,3 millóns de euros

Ano 2023: 47,4 millóns de euros

Estado: o Goberno de Pedro Sánchez aumentou no 2023 as achegas do goberno do Estado en 13,9 millóns de euros, pasando dos 51,3 millóns de euros no ano 2022 aos 65,2 millóns de euros no ano 2023, e incluso recibiu importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España. :

En resumo, mentres o Goberno de España aumenta os recursos destinados ao SAF



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

para Galicia, o goberno da Xunta de Galicia reduce os fondos autonómicos para esta partida.

É claro que é a Xunta de Galicia a quen lle corresponde financiar esta competencia, polo que corresponde demandar que a Xunta incremente a súa achega, aliviando a economía dos concellos, que son os que realmente están a padecer a pasividade do goberno autonómico do PP, recordando unha vez máis que os verdadeiros prexudicados desta falla de acción da comunidade autónoma son as persoas destinatarias da prestación deste servizo, as persoas dependentes.

Cabe recordar a maiores que o Fondo de Cooperación Local da Xunta leva unha década conxelado, o que sumado a asunción por parte dos Concellos no financiamento de competencias impropias, está a facer perigar a sustentabilidade económicas dos servizos públicos no futuro.

Polo tanto, estamos no momento de solucionar o grave problema do infrafinanciamento do SAF e poñerse de lado dos concellos, polo que dende o Grupo Municipal do PSdG no Concello de Fisterra propoñemos a adopción dos seguintes acordos:

□ Pleno da Corporación do Concello de Fisterra insta á Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo derivado da redución do copagamento provocado pola entrada en vigor da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que a día de hoxe asumen os Concellos de Galicia.

2. Aumentar o financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar para que os concellos non teñan que asumir o financiamento e poidan desenvolver correctamente este servizo ante o incremento dos custos.

3. Dotar dos medios e recursos humanos e materiais aos equipos de valoración de dependencia para reducir as listas de agarda.

4. Exercer as súas función de mediadora nas negociación entre as empresas e os axentes sociais

Para tratar de que se alcance un acordo do convenio colectivo do sector.

INTERVENCIONS

Sr. José Marcote:

-“Este é un dos moitos problemas que temos os Concellos coas competencias impropias que nos enchufa a Xunta de Galicia, é moi fácil en principio dicirlle aos Concellos que se fagan cargo dos servizos de axuda no fogar porque ao principio o custe da hora era 9 € , estaba pagado íntegramente pola Xunta de Galicia. Ese prezo foise incrementando. Estamos hoxe en valores de 20 a 22 €. A diferenza estana pagando os Concellos e supón unha factura moi importante dependendo do Concello, cada un ten a súa capacidade económica e é un custo moi grande para os Concellos asumir esa diferenza de custe que se foi incrementando día a día. De pagar 9 €/hora a pagar 22€/h. Hoxe a Xunta está pagando 12 €/h. Isto é inasumible por parte dos Concellos sobre todos aqueles que teñan contratados externamente o servizo. Nós aínda temos un servizo que é propio do Concello. Cada vez que temos que contratar externamente porque o noso persoal non dá. Prodúcenos un recorte no presuposto que quedamos mirando para a factura. Imaxinadevos que esa factura fora do total do servizo. Isto pasa con isto e con



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

outras moitas cousas., o que fai a Xunta de Galicia a maioría das veces é dar competencias e nós somos os mellores situados para dar ese servizo pero a competencia e financeira non é cousa nosa. Os cartos tennos que dar a Xunta porque senon os cartos que debería meter a Xunta estámolos poñendo nós, o que reduce a capacidade económica do Concello para facer e ofertar outro tipo de cousas.

Temos que ir desfacéndonos das competencias impropias.

Estamos traballando a competencia impropia que nos ten enchufada a Xunta de Galicia

con Educación que tamén nos ten enchufados os servizos que non son competencia nosa e que nós estamos asumindo. Chegará o día no que teremos que rematar con eso. Esta é unhas das máis graves e das que máis repercute nun Concello”.

Sr. Luís Insua:

-"O noso grupo é consciente da importancia da axuda no fogar, non obstante nós apoiaremos a Moción se substituíran nos primeiros puntos por:

Demandar ao Goberno do Sr. Sánchez o cumprimento da súa obriga de cofinanciar o 50% a atención á dependencia tal é como establece a normativa neste eido. Galicia a día de hoxe aporta o 70% do custe de atención á dependencia fronte ao 30% que aporta o Estado.

O Goberno galego incrementa unha vez máis o orzamento adicado á dependencia que no ano 2024 ascende a 652 millóns de euros, case 5 veces máis que no ano 2009. Non sei se estariades dispostos a cambiar a Moción”.

Sr. José Marcote:

-"Nós imos deixar a Moción como está porque as cifras que está dando non son reais. Dikir que o Estado pon unha cantidade e a Xunta pon outra. Olvidouse dicir o que pon o Concello. Dúas cousas: o que pon o Concello que llo asumes á Xunta que non é verdade e o que asumen os usuarios”.

Sr.Luís Insua:

-" Está dando datos nos que compara o 2022 / 2023, eu comparo co 2024”.

Sr. José Marcote:

-"Nós collemos esa referencia pero poderíamos coller outra, no ano 2024 aínda estamos. Se lle fan caso á Moción e aos orzamentos, o 100% do financiamento non hai problema ningún. No Concello de Fisterra todos felices, e os que están atendidos por Dependencia mellor aínda, e os traballadores tamén”.

Sr. Luís Insua:

-"A obriga da normativa é o 50%”.

Sr. José Marcote:

-"O 100% é obriga nosa”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Independientemente das leas entre PSOE e PP, nós desde Alternativa dos Veciños dicimos que os infrafinanciados somos nós, as facturas e os sobrecostos témolos nós, Cústanos moito pagalos e de acordo coa Moción necesitamos máis fondos”.

Polo tanto apoiamos a Moción”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Nós estamos de acordo co contido da Moción, e imos dar o noso voto favorable. Aínda que non o nomeou a portada de Estado, pon o Goberno de Pedro Sánchez, dígoos porque nós cando traemos as Mocións dinos que é moi partidista.”

A continuación procédese á votación e queda como segue:

A Favor da aprobación da Moción: 3 Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG.

En contra: 5 PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO

Dase conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía que van do número 2024/G003/000181 de 27/03/2024 ata a número 2024/G003/000305 de 30/05/2024. Non se producen intervencións.

6º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).

Non se producen intervencións.

C) ROGOS E PREGUNTAS

7º) ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Luís Insua:

-“Vou empezar cun ROGO, pero máis que un rogo gustaríame propoñer unha Mesa de traballo conxunto entre todas as forzas coa fin de tomar medidas para as familias afectadas polos edificios de Corveiro, eu creo que era ideal reunirmos como tiñamos previsto por outros temas e crear un grupo de traballo.”

Sra. Alcaldesa:

-“Eu creo que xa tiñamos previsto reunirmos para unha sesión de traballo na semana que vén. Dixemos que despois do día 9 íamos ter unha sesión podemos aproveitar o día 12 ás 9.00 h”.

Sra. Teresa Fernández:

-“ O día 12 ás 9.00 para as Ordenanzas pero tamén ía propoñer eu , considero que ter un tipo de comisión independente de tratar as ordenanzas, é algo urxente”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Eles van a ter (a Comunidade dos 3 edificios) van a ter unha reunión alí (na porta) eu ofrecinlle o salón de Plenos. Eu voulle preguntar se estamos invitados á reunión. Se nos convidan eu vou estar. E o domingo día de eleccións”.

Sra. Teresa Fernández:

-“O Concello ten que aportar ou ceder as instalacións, non van facer unha reunión na rúa”.

Sra Alcaldesa:

-“Eu falei hoxe con eles hoxe e puxeron esa data e ofrecinlle o salón de Plenos e aceptárono, eu vou asistir. Mañá falarei co administrador. Domingo ás 10.00 aquí. Entón quedamos convocados, non creo que eles digan que non. Eu díxenlle que quería estar, dixéronme que si, que moi ben e que están encantados de que todas as forzas políticas estean ao lado”.

Sr. Luís Insua:

-“Solicitáronse as banderas azuis?”

Sra. Alcaldesa:

-“Pois non, non se solicitaron”

Sr. Luís Insua:

-“Por que?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non temos os medios económicos para ter a vixiancia nas praias”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu creo recordar que no ano 2014 (penúltimo ano do goberno do PP) había dúas bandeiras azuis; Unha na Langosteira, unha na Praia da Ribeira. Agora non as temos, agora temos unha ducha azul.”

Sra. Alcaldesa:

-“Ten algún problema co color?”

Sr. Luís Insua:

-“Non”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“É o voso color”.

Sr. Luís Insua:

-“As bandeiras azuis tamén fan turismo. Hai algún plan para o turismo? Tedes cifras de ocupación hoteleira para saber se vai ben ou mal e cara onde se vai. Hai algunha reunión prevista para o sector? Tedes algunha planificación deseñada?”

Sra. Alcaldesa:

-“A un turismo de calidade e excelencia participo nos foros. Non lle podo resumir agora en 3 liñas un tema de moito alcance e envergadura, convídoos a que me visite no despacho e falemos”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai algunha reunión prevista co sector?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu reúnome co sector porque na CMAT está APTCM, que engloba un elenco importante. Estamos traballando moito.”

Sr. Luís Insua:

-“Vostede dixo na reunión de novembro co sector que ía ter outra en setembro e non houbo tal reunión”

Sra. Alcaldesa:

-“Ademais das reunións que teño coa CMAT non tiven ningunha”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai algún técnico que leve o servizo de urbanismo na actualidade”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, agora mesmo non”

Sr. Luís Insua:

-“Estamos tendo queixas de moitos veciños que teñen os seus proxectos paralizados, empresas que queren facer cousas novas. Estanse perdendo investimentos que van acompañados de subvencións, con prazos particulares que queren arranxar as súas fachadas”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu pensó que de momento non podemos dramatizar, que é algo que tanto gusta. E como se o técnico collera unhas vacacións. De momento leva un mes”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Dramatiza vostede”.

Sr. Luís Insua:

-“Dígallo vostede a eles”.

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos traballando para que se regularice esa situación. Hai que regularizar unha situación que era irregular e iso leva un tempo”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu non dramatizo, traio unha opinión da rúa”.

Sra. Alcaldesa:

-“Levamos un mes”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai prazos das subvencións, a xente quere que se axilicen os trámites”.

Sra. Alcaldesa:

-“Para iso estamos, pero déame unha marxe, non se poña tan dramático”.

Sr. Luís Insua:

-“Coméntelle vostede aos veciños que non se poñan tan dramáticos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non lle estou dando o servizo a dedo a ninguén. Temos que facelo de acordo coa norma e niso estamos”.

Sr. Luís Insua:

-“Ao mellor para tomar decisións en quente si”.

Sra Alcaldesa:

-“Estaba planificado”.

Sr. Luís Insua:

-“Non para min”.

Sra. Alcaldesa:

-“O técnico decidiu renunciar ao seu postos dentro da súa libertade polas circunstancias e razóns que expuso”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Con que criterio se colocan e se quitan os badéns?”.

Sra. Alcaldesa:

-“Póñense atendendo a un criterio de necesidade porque a xente quíxase da alta velocidade dos vehículos”.

Sr. Luís Insua.

-“E quítaos ao día seguinte de poñelos?”

Sra. Alcaldesa:

-“Quítanse cando os veciños se queixan da vibración da rúa, crea incomodidade e non os deixa durmir, fan ese efecto. Non o sabes ata que se coloca o badén”.

Sr. Manuel Canosa:

-“Si, que se sabía, eles estiveron 8 anos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eles non somos nós (José Marcote) non está no goberno”.

Sr. José Marcote:

-“Podíame preguntar a min”.

Sra. Alcaldesa:

-“E que se lle teño que preguntar se poño un badén. Iso é unha nimiedade. De todas maneiras non pasa nada, púxose ante a velocidade de certos vehículos, e logo quítanse.”

Sr. Manuel Canosa:

-“Foi un erro”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non foi un erro, foi darlle unha solución a un problema que creaba un prexuízo co que non se contaba”.

Sr. Manuel Canosa:

-“O concelleiro sabíao”.

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“A min ninguén me dixo que lle temblaban as casas. Hai algún que non se quita. Na zona da Fontana hai un de fai anos e está alí. Está no casco urbano. Non se perdiu nada.”

Sr. Luís Insua:

(sinalando un papel aos membros da Corporación)

-“Sabe o que é isto?”

Sr. Francisco Lestón:

-“Un parque biosaudable da Anchoa”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Non está así, como na foto”.

Sr. Luís Insua:

-“Esta foto é do mércores”.

Sr. José Marcote:

-“Eso xa está listo”.

Sr. Luís Insua:

-“Sinala outro folio, e esta?. Esta tamén está lista?. A foto é de onte. Antes aquí había unha parrillada xunto aos bancos é no Campo de Suarriba”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Ao campo de Suarriba aínda non fomos”..

Sr. José Traba:

-“Aínda se han de perder os nenos”.

Sr. Luís Insua:

-“Aquí non pode vir ninguén, isto supuxo un investimento moi potente do Concello para a xente do Val”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Temos un problema de persoal, unha das cousas que podería solucionar o problema de persoal é a aprobación dos presupostos. Temos que contratar a empresas e cos cartos que temos chegamos a onde podemos, e imos establecendo prioridades, por exemplo se en Suarriba non se está utilizando esa área nese momento, agora no verán si se vai utilizar non lle damos prioridade dámoslle prioridade aos parques biosaudables, ao de Cabana ao parque de Sardíñeiro.”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Pero vostede cre que iso está en situación de poderse utilizar”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Nos meses de abril/ maio ao mellor o parque de Suarriba co persoal que tíñamos non era tan prioritario como outros parques, eso é o que nos leva a que unhas cousas estean máis deixadas que outras. Durante o mes de maio tivemos unha persoa sola traballando”.

Sr. Luís Insua:

-“Esas son circunstancias que hai que asumir, se hai moitos obreros é moi fácil. Hai que tomar decisións”.

Sr. Luís Insua:

-“Esto non se pode ter así, sexan cales sexan as razóns, a 1 de xuño non se pode ter isto así”.

Sr. Francisco Lestón:

-“No, a 1 de xuño non estaba así. A Suarriba aínda non fomos. O resto non está así, Non así Mar de Fóra, nin Sardiñeiro, nin o parque da igrexa, nin o parque de San Roque. O parque da Igrexa acabamos incluso de repáralo hai 15 días, o parque de San Roque tamén acabamos de facerlle unha reparación, xa non digo desbrozar (que tamén). Estamos facendo cousas, non estamos quietos, estamos traballando.”

Sr. Luís Insua:

-“Non di unha verdade”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Como que non digo a verdade”.

Sr. Luís Insua:

-“A 1 de xuño estaba así (sinala as fotografías)”

Sr. Francisco Lestón:

“Eu vou todas as semanas a todos os sitios, fago cousas que incluso non debería como concelleiro (axudando no que podo). Vexo o que hai, non había nada en mal estado, excepto Suarriba pero non cremos que fora unha prioridade”.

Sra. Susana Rodríguez:

-“O parque da igrexa o 23/05 non estaba arranxado”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Agora mesmo está arranxado”.

Sr. Luís Insua:

-“As máquinas de Sardiñeiro están arranxadas”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Non, non están para arranxar, están para sacar e tirar. Xa temos contratado esto tamén, ata as empresas teñen máis traballo do que poden facer”.

Sr. Luís Insua:

-“Subcontratacións?”

Sr. Francisco Lestón:

-“Vostede é empresario, seguro que ten moito coñecemento diso”.

Sr. Luís Insua:

-“Ten algún tipo de permiso para asentarse na praza de D. Francisco Esmorís o remolque que está alí?. Leva máis de 3 meses. Quítanse os veciños para poñerse eso”.

Sra. Alcaldesa:

-“A que veciños quitei?”

Sr. Manuel Canosa e Sra Teresa Fernández:

-“A xente que aparcaba alí”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eso é independente da xente que aparcaba alí”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu non entendo o que é, ten algún tipo de permiso?”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, ten o meu. E unha colaboración cun proxecto”.

Sr. Luís Insua:

-“Pero, que proxecto?. De verdade lle digo que non sei o que é.”

Sra. Alcaldesa:

-É un tapiz xigante, esa persoa quixo comezar en Fisterra a preparar un tapiz e vai percorrer diferentes países de Europa facéndoo. E unha artesana alemana de renome”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luís Insua:

-“Unha pregunta de todos os plenos, vaise dar algún tipo de solución aos colectores do lixo ou tampouco hai persoal”.

Sra. Alcaldesa:

-“Os colectores do lixo xa están solucionados”.

Sr. Luís Insua:

-“Si?, recóllense habitualmente como debe ser”.

Sr. Francisco Lestón:

-“A que te refires cos colectores do lixo”.

Sr. Luís Insua:

-“A acumulación de lixo onde hai máis usuarios que depositan o lixo”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Ata agora, xa está reforzados o servizo, xa están recollendo o plástico 2 días á semana (luns e venres), esta semana é a primeira , vaise recoller o lixo todos os días da semana incluídos os domingos. Imos facer un pequeno cambio. Nós imos recoller os días laborables e os domingos, unha empresa vai recoller os sábados (polo menos ata setembro). Vaino ver vostede o próximo sábado e domingo”.

Sr. Luís Insua:

-“Moita casualidade”.

Sr. Francisco Lestón:

-“ As casualidades existen, aínda que vostede non crea nelas”.

Sr. Luís Insua:

-“Moi poucas”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Este fin de semana comezamos coa recollida diaria, incluídos os domingos, xa hai unha semana que recollemos o plástico 2 días á semana e o xoves da próxima semana empezamos a recoller o papel porta a porta como se viña facendo ata agora por parte do anterior goberno”.

Sr. Luís Insua:

-“Pois poñede tamén as papeleiras”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Para iso temos que ter primeiro licitado o servizo de limpeza de praias porque poñer as papeleiras para non poder recollelas. De todas formas, temos papeleiras en todos os parques, paseos, recollémolas a diario e onde non as temos de momento é nas praias porque non temos a capacidade de recollelas”.

Sr. Luís Insua:

-“Que duración terá este ano o campamento de verán?”-

Sra. Alcaldesa:

-“Un mes”

Sr. Luís Insua:

-“Non ían ser 2 ou 3, como prometeu vostede en reunións coas organizacións.”

Sra. Alcaldesa:

-“Con quen?”

Sra. Alcaldesa:

-“Dixemos que íamos facer un mes e medio, e así o fixemos, solicitamos xullo e 15 días de agosto, pero este ano non non concederon nin xullo nin agosto. Houbo unha avalancha de solicitudes de campamentos. Nós quedamos fóra como outros tantos Concellos da comarca., entón o Concello vai asumir xullo. A Xunta dixo que ante tal avalancha, foi o 1º ano que se viron tan desbordados, que ían facer unha ampliación de partida pero de momento non sabemos nada deso. O Concello vai pagar o mes de xullo e logo xa se verá se os pais queren agosto, non o sei. Penso que en Sardiñeiro a ANPA xa está traballando”.

Sr. Luís Insua:

-“Coma sempre logo”.

Sra. Susana Rodríguez:

-“De todas as formas os campamentos son para dar conciliación ás familias.Eu creo que ninguén neste pobo que traballe no sector do turismo ten o mes de agosto para atender a súa familia”.

Sra. Alcaldesa:

-“Xa, pero como di Luís: “ coma sempre”. Nós temos que ser extraordinarios?. Xa pretendíamos ter 15 días máis en agosto. De todas as formas as familias poderán asumir o mes de agosto.”.

Sra. Susana Rodríguez:

-“Nós estamos falando dunha falta de previsión, ti cando tes unha familia non podes



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

esperar a que en xullo unha empresa faga unha oferta para o mes de agosto”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nós non anunciamos en ningún foro que íamos ter en agosto. O que vós pensades é algo voso”.

Sr. Luís Insua:

-“ Vostede prometeu”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nós falamos de xullo e 15 días de agosto”.

Sr. Luís Insua:

-“Vostede prometeu e cando se dou conta de cómo funcionaba”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu non prometín, nós solicitamos xullo e agosto. Resulta que non nos conceden nin xullo nin agosto, estamos a ver se fan esa ampliación de crédito do PP, loite por ela”.

Sr. Luís Insua:

-“Vaise solicitar algún tipo de Obradoiro de emprego?”

Sra. Alcaldesa:

-“Obradoiro de emprego non, non temos a capacidade de solicitalo, ata agora fíxose conxuntamente. O último correu con el Dumbría conxuntamente con Fisterra, Cee e Corcubión. Dumbría correu co gasto de pagar todas esas nóminas todo ese tempo. Fisterra non ten esa capacidade.
De feito, este ano pensamos que Cee se animaba pero non temos Obradoiro”.

Sr. Luís Insua:

-“Vaise reforzar o servizo de Policía Local?”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, chegou o novo Policía Local, que se chama Cristóbal”.

-Sr. Luís Insua:

-“Cando se incorporou?”

Sra. Alcaldesa:

-“O día 3 de xuño”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Tamén foi casualidade”

Sr. Luís Insua:

-“Os charreiros seguen tendo vía libre. A ordenanza segue sen aplicarse. O domingo día da procesión de Corpus andaban por aí”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu ía atenta á miña nai”.

Sr. Luís Insua:

-“Entón non se aplica a Ordenanza, non?”

Sra. Alcaldesa:

-“Si se aplica, os charreiros resultan bastante incómodos os gritos”.

Sr. Luís Insua:

-“Aínda que pense que non á xente resúltalle moi molesto”.

Sr. Luís Insua:

-“Outra cuestión, cando se vai incorporar o animador deportivo?”

Sra. Alcaldesa:

-“Neso deixamos que decidira Carmen Ballón, e ela dixo que prefería que empezara o 1 de xullo”.

Sr. José Marcote:

-“Vou empezar con **ROGOS**”:

-“Para planificación do turismo que tanto lle interesa ao PP, recoméndolle que lea o Plan Estratéxico do Turismo.”

Sr. Luís Insua.

-“Parece que non se aplica, nin se segue, está obsoleto?”

Sr. José Traba:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Non, non está obsoleto. O que pasa é que tivemos unha pandemia e paralizáronse as cousas. Algunhas xa se fixeron, hai que facer o resto”.

Sra Alcaldesa:

-“Despois da pandemia tivo 2 anos”.

Sr. José Marcote:

-“Si, xa o sei. Xa leva vostede un ano co cal aplíquese o conto. Como sabe xa hai Concellos que están facendo o Plan Estratéxico de Turismo. Nós xa o temos hai tempo (fomos previsores).

-Tamén lle preguntan polas bandeiras azuis. A normativa das bandeiras azuis é moi curiosa, recoméndolle que a lea se non a leu. É algo moi curioso porque vostede pensa que solicitar a bandeira azul é pensalo e inmediatamente xa lle dan a bandeira para colgala. Despois vén a inspección e non cumpre os requisitos como xa lle pasou ao PP por iso tiña unha bandeira azul un ano si e outro non. Por iso decidimos solicitar a bandeira azul cando se poida”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nesa sintonía estamos nós tamén”.

Sr. José Marcote:

-“En canto ás reunións do Consello de Turismo non se fan de momento?”.

Sra. Alcaldesa:

“-Non, de momento non”.

Sr. José Marcote:

-“Digoo porque lle preguntan se se reuniu co sector. Cando estabamos gobernando non é verdade que non facíamos nada. Algunhas cousas fixemos, entre elas crear un Consello de Turismo para reunirmos (O Concello e máis o sector) Tamén é verdade que durante a pandemia tivemos que suspéndelo .Rogo que se retome esto”.

Sra. Alcaldesa:

-“Anótoo”.

Sr. José Marcote:

-“Voulle agradecer que forme parte dos iluminados/as que cremos na certificación de Fisterra como destino STARLIGHT, como os iluminados éramos nós segundo Alternativa dos Veciños e agora vostedes apoian as actividades, alégrome que se inclúan neste grupo”..

Sra. Alcaldesa:

-“A CMAT traballa moito co destino STARLIGHT”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. José Marcote:

-“Eu estiven alí cando se fixo todo eso. A continuación voulle facer as preguntas de sempre.”

Sra. Alcaldesa:

-“Refírese á modificación puntual do PXOM?. Está pendiente do Informe de Costas, eso xa llo dixen no anterior Pleno e xa lle dixen que estiveramos alí. Ao PEPRICH fáltalle o informe de Portos de Galicia, que está a punto de chegar. “

Sr. José Marcote:

-“E importante que se vaian dando pasos porque son fundamentais”

Sra. Alcaldesa:

-“Falta ese informe de Portos e logo enviaremos a Xunta e a Costas do Estado. Necesitoo favorable e someterase á aprobación”.

Sr. José Marcote:

-“Estamos ou estábamos incluídos no proxecto da Xunta de Galicia que se chama Senda Litoral de Galicia, asinamos ese proxecto coa condición de que fixeran en Rostro unha senda peonil, como está?”

Sra. Alcaldesa:

-“Tivemos que pasarlle os titulares catastrais de 900 ou 1000 parcelas”.

Sr. José Marcote:

-“Téñoas eu cos titulares”

Sra. Alcaldesa:

-“A eles non llas destes porque mas pediron”

Sr. José Marcote:

-“Non non dou tempo, se quere eu pásollas”.

Sra. Alcaldesa:

-“Agora xa nós fixemos o traballo. Fixemos todo eso pasámolas coas parcelas e agora imos ver como propoñemos as reunións aos propietarios afectados. E unha afectación moi pequena”.

Sr. José Marcote:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Si, pero a propiedade é deles. Hai unha forma de facelo, que era a idea que tiñamos nós (cesión de uso)”.

Sra. Alcaldesa:

-“eles non se plantean a cesión de propiedade”

Sra. José Marcote:

-“O Centro de Interpretación do Faro. Nós presentamos un anteproxecto para solicitar unha concesión administrativa. Recibimos unha comunicación pedíndonos que rectificáramos algunha cousa, unha delas era cambiar o anteproxecto por un proxecto básico, cousa que xa se fixo e que estará aí no Concello (me imaxino). Como está?”

Sra. Alcaldesa:

-“Tiñades solicitado algunha subvención polo menos pedíronnos máis documentación que aportamos. Non sei se vén desde antes, de José Manuel. Nós recibimos un requirimento e aportamos a documentación a unha subvención do Faro. Non sei realmente onde imos chegar porque a cesión do Faro non a temos”

Sr. José Marcote:

-“Pedíronlle algo máis do que nos pediron a nós?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non sei porque lles costa tanto decidir”.

Sr. José Marcote:

-“E interesante seguir traballando neso porque se quere traballar no selo de Patrimonio Europeo, é algo indispensable, condición sine qua non. Nós no ano 2023 presentamos un proxecto para facer pasos de peóns na Anchoa, solicitamos autorización a Carreteras, nós marchamos e non recibimos ningunha resposta, tedes vós algunha resposta?”

Sra. Alcaldesa:

-“Bueno, estamos en conversas e están indo moi ben. De momento estamos traballando neso e hai moi boa disposición por parte da AXI de feito houbo boa predisposición de reducir a velocidade e a liña continua, isto foi un gran avance. En canto aos pasos de peóns estamos en conversas con eles.

Sr. José Marcote:

-“Cando nós fixemos a proposta os pasos de peóns ía a redución de velocidade incluída”.

Sr. José Marcote:

-“Na nosa lexislatura o que é a carretera da zona da Praia da Ribeira quedou desafectada por Portos de Galica, que antes tamén era zona portuaria. O que se fixo



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

nese momento foi solicitarlle ao Estado que nola pasara a nós. Recibiu algún tipo de aviso sobre este asunto”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non recibín nada”.

Sr. José Marcote:

-“Nós fixemos un convenio coa Autoridade Portuaria para a xestión da estrada ao Faro, a diferenza do Convenio que vostedes fixeron con Portos de Galicia, nós no Convenio ía incluído o compromiso de facer as xestións para que a estrada acabara sendo nosa, ese procedemento empezouse hai 4 anos, prorrogables mentres non se resolvera o cambio de propiedade. Hai algunha novidade sobre este tema?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non hai ningunha noticia”.

Sr. José Marcote:

-“Tamén solicitamos no seu día a concesión administrativa da zona do parque de Sardiñeiro, como saben é dominio público de Costas. Cando se fixo o parque novo, vimos a necesidade de que era mellor que ese terreo fose unha concesión administrativa a efectos de facer as xestións non ter que andar sempre pendentes de Costas. Sabemos algo?”

Sra Alcaldesa:

-“Non, tampouco”.

Sr. José Marcote:

-“Para que recaben información ás Administracións para comprobar o estado dos expedientes, son temas interesantes”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Non vou repetir algunhas das preguntas porque coinciden algunhas das explicacións. O tema da rúa peonil que estivo pechada polas obras do Mercado, cando se abra vai seguir sendo peonil?”

Sra. Alcaldesa:

-“Vai seguir co mesmo tratamento”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Vai ser peonil?”

Sra Alcaldesa:

-“Vai seguir tendo o mesmo tratamento que no goberno anterior”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Teresa Fernández:

-“Dígoo porque pintaron unhas liñas de aparcamento”.

Sra. Alcaldesa:

-“A rúa non é peonil todo o ano por iso se pintaron as liñas de aparcamento”.

Sra. Teresa Fernández:

-“A caseta de madeira, a verdade que non ten moito xeito, hai que preguntar se ten licenza, se ten ou non ánimo de lucro”.

Sra. Alcaldesa:

-“É sen ánimo de lucro, imos facer a exposición que ten pensado para os nenos”.

Sra Teresa Fernández:

-“O tapiz vai quedar en Fisterra?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, o tapiz faise recollendo as esenciais”

Sra. Teresa Fernández:

-“Non ten licenza, non está pagando nada?”

Sra Alcaldesa:

-Non, está alí na praza facendo o tapiz. Publicitou que na fin de semana do 14, 15 faría unha exposición e ensinaríalla aos nenos”

Sra. Teresa Fernandez:

-“Hai unha ordenanza para as terrazas?”

Sra Alcaldesa:

-“Non é unha terraza”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Eu creo que debería ter unhas condición mínimas porque algún veciños estanse queixando”

Sra. Alcaldesa/ Sr. Francisco Lestón:

“Nós non recibimos ningunha queixa”

Sra. Teresa Fernández:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Sabería dicirme cantas licenzas de obras menores se pediron durante este tempo que non temos servizo de urbanismo”.

Sra. Alcaldesa:

-“Agora non, pero podería dicircho se o preguntaras pola mañá”

Sra. Teresa Fernández:

-“Segue en funcionamento a campaña de recollida do cartón?”

Sr. Francisco Lestón:

-“Empeza o próximo xoves”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Entón, neste ano que levades non se fixo”

Sr. Francisco Lestón:

-“Sen persoal non se pode”.

Sra. Alcaldesa:

-“Paramos en setembro”

Sr. Francisco Lestón:

-“Vaise organizar o Festival Blues?”

Sra. Alcaldesa:

-“Non.”

Sra. Teresa Fernández:

-“Xa tiñamos coñecemento de que non. Pola nosa parte parécenos que é unha pena porque se trataba de un festival consolidado. Nos últimos anos recoñecido pola Xunta, polo Xacobeo a parte das subvencións de Deputación. Por iso nos últimos anos o PP non o criticaba tanto. Case todos os Concellos da Costa da Morte teñen recoñecidos eventos de referencia, e Fisterra queda sen o seu festival Experience, podían quitarlle o de Blues porque non só foi Blues o que tivemos. Había actuacións de todo tipo: De Vacas..., obradoiros de música, baile e un sinfín de actividade. Participaban a Escola de Música de Cee e outras. Xuño é un mes baixo a nivel de turismo e con este festival gañaba moito o sector turístico (restauración, hoteis, cruceiros marítimos, vivendas turísticas) Ademais do persoal que leva implícito a montaxe de infraestruturas como equipos de luz, son, artistas. É a vosa decisión pero que conste que nós non estamos de acordo”

Sra. Alcaldesa:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“A xente trasladounos que ese era un festival en Fisterra pero que non era para os fisterráns, e costoso economicamente. A subvención non cubría todo, a partida económica que se dedicaba a esto era moi importante. A xente de Fisterra que asistía resultáballe costoso porque a entrada era cara e non participaba no Festival”

Sra. Teresa Fernández:

-“Eso é o que vós pensades, era para os fisterráns porque moita xente saía gañando. Celebrábase a finais de maio ou en xuño dependendo. Nós sabíamolo porque tamén temos un hotel. Era un referente consolidado. Non só era BLUES senón que tamén tiñamos outro tipo de música, como a tradicional.”

Sra. Alcaldesa:

-“Eu respecto todo canto dis pero non podemos obviar que é un festival un pouco polémico. Fisterra nunca estivo entregada a ese Festival, queremos explotar outra vías. Estamos en contacto con NORDESIA a ver se nos pode aportar outro tipo de formato, que sexa máis accesible á economía de todos os fisterráns”.

Sra. Teresa Fernández:

-“A maioría das subvencións eran doutras Administracións”

Sra. Alcaldesa:

-“Pero ao Concello custáballe 27.000 €, despois resulta que a xente de Fisterra tiña que pagar 15 euros”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Nun concerto, pero logo o resto das actividades eran gratuítas”.

Sra. Alcaldesa:

-“Había actividades gratuítas e outras de pago”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Había todo tipo de actividades incluso para público infantil”

A continuación Teresa Fernández segue con ROGOS:

-“A famosa valla do espazo infantil de Vilar”

Sr. Francisco Lestón:

-“Apareceu a valla”

Sra. Teresa Fernández:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-“Si, xa sei pero está sen os barrotes, as puntas que os suxeitaban están ao aire, hai que repoñer ou sacar as puntas”.

Sr. Francisco Lestón:

-“Estou de acordo”

Sra. Teresa Fernández:

-“Resultan un perigo para as crianzas”.

Sr. Francisco Lestón.

-“Temos outra valla dese tipo, imos repoñer os barrotes con tornillos arriba e abaixo”

Sra. Teresa Fernández:

-“Eu diría que con urxencia se sacaran as puntas dos barrotes porque ademais vén a fin de semana, mañá é venres. Sacalas polo menos porque supoñen un perigo.

-A licenza do Camiño dos Faros, está sen facer?”

Sr. Francisco Lestón:

-“Temos un operario de APROL, que empezou a traballar hai unha semana. Luns empezan os operarios do PEL, a partir da semana que vén vai haber un plan de choque, imos poñer 4 operarios a desbrozar, temos algúns sitios atrasados, entre eles o Camiño dos Faros, estaremos traballando a tope, en 15 días poñeremos todo ao día. Non fun polo Camiño dos Faros pero me imaxino cómo poden estar”.

Sra Teresa Fernández:

“Como vai o desbroce nas aldeas na zona de Castro, Vilar, Denle?”

Sr. Francisco Lestón:

-“En Castro de Duio, Vilar, Castrexe, Castromiñán, Sardiñeiro de Arriba, Mar de Fóra estivo unha empresa hai 20 días desbrozando”

Sra. Teresa Fernández:

-“2 persoas onde está a cámara agraria estaban o sábado e o luns cortando a parte de arriba das herbas que están pegadas ao muro”

Sr. Francisco Lestón:

-“Non fomos nós , sería o propietario da finca”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Non é do Concello”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Francisco Lestón:

-“Que saiba eu non”

Sra. Teresa Fernández:

-“O da limpeza das praias aínda que non teñamos bandeira azul”

Sra. Alcaldesa:

-“Si, estamos licitando á Empresa que se encargue”

Sr. José Marcote:

-“Eu queríavos facer unha proposta en común, dado que nin o PP, nin AV, nin o Bloque, nin o PSOE, somos capaces de desbrozar á velocidade que a xente quere, sería mellor quitar ese punto da orde do día. Non falemos de desbroces.”

Sra. Alcaldesa:

-“Hai que desbrozar que temos moitos caminos”..

A continuación non se producen máis intervencións e remata a sesión ás 21.50 horas”.